

CUESTIONARIO SOBRE CARVALHO CALERO E O DÍA DAS LETRAS GALEGAS 2020_GALIZA NOVA

Arturo Casas

REINTEGRACIONISMO/BINORMATIVISMO

Opinión sobre o reintegracionismo e/ou binormativismo.

Vexo o reintegracionismo como unha opción lingüística, cultural e política non só lexítima senón, ante todo, lóxica e pertinente na situación en que se atopa a difícil supervivencia histórica da lingua galega a medio prazo. Porque, como non vai haber persoas —especialistas ou non, asociadas e mobilizadas ou non— que non pensen nalgún momento en alternativas ao que arestora hai e ao rumbo que todo leva? E como ignorar como unha desas alternativas dignas de ser exploradas a da aproximación ortográfica, léxica e doutras ordes a unha das grandes linguas do mundo contemporáneo en número de falantes e na fortaleza xeocultural e política derivada de ser a oficial, ou unha das oficiais, dunha serie de estados en catro continentes, e en particular do Brasil? E como non vai ser alternativa o anterior procedendo esa lingua internacional moderna da mesma cerna histórica do galego? Todo o anterior, reforzado aínda polo feito de o estado de radicación propia, o español, demostrar historicamente escaso cando non nulo interese naquela supervivencia e exercer violencia institucional e administrativa de diverso signo contra esa posibilidade desde hai séculos.

Significa o anterior que eu pense que o reintegracionismo como movemento acertou e acerta adoito na fixación de obxectivos e na implementación de políticas concretas? Con certeza, non. Dito o anterior, podería ser o binormativismo unha proposta viábel neste momento? Contemplado o asunto en perspectiva histórica e sen os curtopracismos propios da cultura política actual, sen dúbida. Con todo, a lóxica do funcionamento destes procesos históricos demostra que só un movemento transversal forte pode chegar a obter cesións importantes do poder co que trata de negociar saídas de compromiso. E o reintegracionismo non dá alcanzado as transversalidades social, cultural e económica necesarias para forzar cesións que ningún poder concede porque si. Se o reintegracionismo segue a ser asunto só de filólogos o seu futuro será testemuñal.

Necesidade do binormativismo ou como isto podería axudar a impulsar a nosa lingua.

O binormativismo presenta aspectos paradoxais para calquera das posicións en activo no país: isolacionismo, reintegracionismo e xente (a inmensa maioría) que ignora que tales cousas existan ou poidan existir. Non son poucos os reintegracionistas que non o aceptan; por exemplo, por temeren que non todo o mundo xogue limpo. Acho, en todo caso, que o binormativismo podería ser unha proposta lúcida, non só no plano das estratexias inmediatas senón sobre todo no de garantir solucións a medio e longo prazos históricos (digamos, de aquí a fin de século) para a simple supervivencia do galego no mundo globalizado. O problema é a confianza mutua entre as partes, case sempre baixo mínimos. Outro problema é o tacticismo como forma de estar no mundo. E outro, omnipresente, é o abuso e o afán

de control de quen ten o poder nestas cousas. Non porque sexan malas persoas de seu, claro, senón precisamente por elas teren o poder e exercerem as funcións de control indisociábeis desa posición.

Está a sociedade galega preparada para un novo sistema ortográfico?

Toda sociedade está preparada para o que teña vontade de facer ou para o que as circunstancias históricas determinen ou forcen, como deixar de pasear durante dous meses ou deixar de votar durante case medio século. Aí é de aplicación novamente o asunto da fortaleza do proxecto reintegracionista e a implicación transversal e a perseveranza e lucidez da sociedade civil nese plano. A cuestión sempre é querer en termos políticos. Hoxe por hoxe ese querer está subordinado a miúdo a un coñecer o que é ou sería posíbel facer. A xente non sabe que podería querer outras cousas, outras solucións (unha república, por caso; ou outro pacto social); e non o sabe porque a eficacia dos medios, dos estados e dos grandes intereses económicos é grande para ocultaren o que está aí fóra, máis a man do que parece. Que a sociedade galega estea preparada para outra ortografía é unha cuestión bastante menor se compararmos isto coa pregunta básica: se asume ou non un proxecto nacional, con forza, pluralidade e transversalidade abundas para non ser un simple eco de procesos de construción nacional vinculados cos procesos de descolonización dos séculos XIX e XX. Creo que neste momento ese é o reto principal, non só do nacionalismo galego senón mesmo do galeguismo cultural, se aspiraren estes a algo máis que a seren residuais á volta de 25 anos.

Opinión sobre a posibilidade de que Galiza entre na Comunidade dos Países de Língua Portuguesa

Esa comunidade non existiría de non existir a Galiza (certamente, a medieval), así que o anómalo é non estarmos aí e non ter o país o recoñecemento acaído. Con todo, Galiza ten un problema evidente para resolver o anterior, non ser un estado independente e, coa actual administración autonómica, procurarse un vínculo a través de España, algo, como mínimo, pintoresco. Por outra parte, á ausencia do recoñecemento normal dos “pares” estatal-culturais derivada do anterior súmase outro factor: Galiza non ten un lugar de seu na historiografía portuguesa, está borrada dese mapa. De ter ese lugar, con rigor e profundidade históricos, iso mesmo poría en cuestión para moitas sensibilidades a propia identidade portuguesa, que como todas as identidades —incluída a nosa de galegos, xaora— non se corresponde cunha verdade histórica absoluta e incontrovertíbel, senón que é resultado dun discurso historiográfico-cultural que se impuxo a outros concorrentes na *inventio* retórico-discursiva de base e na postulación progresiva de referentes identitarios de diverso signo (incluídos os que sabe rendibilizar Gadis para vender máis). Para alén do anterior, Galiza tampouco ocupa un lugar propio nas historiografías sectoriais portuguesas (a lingüística ou a literaria, por caso). E moito menos nas series correlativas brasileira, angolana, caboverdiana, tradicionalmente ecoicas da metropolitana até superado o momento da colonización, e non tanto dos territorios como das consciencias... Porque, por exemplo, que porcentaxe dos case 300 millóns de persoas que falan portugués no mundo sabe que existe a lingua galega e que a lingua que están a falar procede dela?

**Cre que podería chegar a adoptarse o binormativismo en todos os niveis educativos?
Se non en todos, en cales?**

Sen dúbida. Os rapaces son bastante máis intelixentes do que o sistema educativo calcula e quere, e as persoas son tamén bastante máis capaces do que o sistema político desexa. Sería básica unha boa e medida planificación, feita por persoas cualificadas e expertas e non delimitada só a prazos curtos nin a tácticas de simple supervivencia de grupos dirixentes e de control censor de todo o que se move. Aliás, deberan participar nesa planificación non só os partidos políticos e as súas extensións de diferente índole, non só as institucións. As asociacións e todo o tecido sociocultural de base poden e deben participar. A cuestión e o proceso asociado terían unha dimensión discursiva importante, na cal sería fulcral a correcta gradación dos pasos e unha explicación menos sentimental-doutrinal e máis pragmática dos logros que un binormativismo ben implantado podería supor para o alumnado que chegue á maioría de idade dentro dun cuarto de século. Iso si, o relato identitario hexemónico —acho que non tanto na esfera estatal como na nacional— dificultaría enormemente a saída binormativista na escola. Se cadra, algo menos noutras esferas educativas ou noutros ámbitos, como o periodístico, o divulgativo, o literario ou o científico, por exemplo. Con todo, o importante serían o rumbo e a firmeza.

Como de importante é que se oferten aulas de lingua portuguesa nos institutos de educación secundaria da Galiza?

Non é que sexa importante, é que non ten sentido ningún a situación actual. Aínda que non afecta só ao ámbito educativo, con certeza. O problema son os medos e os prexuízos, obviamente. En Estremadura, nas súas elites políticas, culturais e económicas, hai menos que aquí. Supoño claros os motivos.

PENSAMENTO POLÍTICO DE CARVALHO CALERO

Como definiría a ideoloxía de Carvalho Calero?

De entrada, permítaseme indicar que non son persoa dada ao trazo grosso nin a pensar que unha pregunta destas características poida ter unha resposta que caiba nun chío de Twitter. Tampouco gosto da redución de personalidades complexas a unha simple etiqueta. O propio Carvalho dicía de si propio que el era, sen mais, un galeguista. Pois, non o creo. El, como todo o mundo, foi máis cousas, entre outros motivos porque chegou á política sendo moi novo e ocupou postos de responsabilidade orgánica e de representación tamén con moita precocidade. Quéirase ou non, cada un de nós somos o que facemos tamén. Como na traxedia grega, unha cousa é a doxa e outra o carácter. Isto último demostrábase na traxedia na acción específica, na elección perante disxuntivas graves e nas decisións tomadas en momentos complicados. E Carvalho pasou por innumerábeis momentos graves e complicados. Para ser máis explícito, eu non podo deixar de pensar nel como combatente antifascista, nin como republicano encarcerado, nin como referente no exercicio da crítica.

Un problema serio do debate cultural e político na Galiza é a renuncia ao matiz e á discrepancia, emitida mesmo con cordialidade dialéctica. Parece que aquí só pode haber xente a favor ou en contra de Carvalho Calero. Ou todo ou nada. E con algo de furia, ás veces. O

cal é unha simpleza, ademais de un disparate. E se se presenta algún asunto controvertido parece que xa se está “da outra parte”. Por exemplo, foi moi mal recibida en certos sectores *carvalhófilos* a crítica da profesora Helena Miguélez sobre a produción literaria e crítico-historiográfica de Carvalho (non só del, con certeza) feita desde unha perspectiva feminista. Houbo quen reaccionou airado, cando esa lectura feminista está documentada e solidamente razoada na práctica totalidade dos seus pasos, motivo polo que merece en todo caso unha resposta igualmente pausada e razoada que se centre en probas tanxíbeis, refutacións alí onde caiban —eu penso que nalgúns momentos caben— e non en conviccións, lemas e hipertensión. Isto último non ten maior sentido, a non ser que queiramos acabar todos nalgún santoral ou similar. Ben, a partir do anterior, eu considero que hai que tratar de falar case sempre desde partes *outras*, si, aínda que só sexa para distanciarse das consignas de cando en vez, incluídas as persoais. Iso non implica, con certeza, mentir ou argumentar con falacias contra Carvalho. E disto hai moito, case sempre no sector *carvalhófobo* do país, bastante potente, ubicuo, tenaz e, en ocasións, cínico.

No que aquí tratamos, sobre todo por respecto a Carvalho, habería que falar con seriedade. El sempre falou de si propio como persoa independente, que trataba de intervir no debate público con rigor, sen (des)afeccións *a priori* que determinasen o seu xuízo crítico, sen resolver nada por aclamación por moito que se tratase de valorar a obra dalgunha persoa próxima no ideolóxico ou no emocional (léase Carvalho e comprobarase que non esaxero). Así que, no que segue, tentarei gardar fidelidade a esa forma de ver as cousas, porque ademais é coa que me sinto identificado. Tratar de falar con sentido crítico e cos menos apriorismos posíbeis. Algo tamén importante é ter capacidade para denunciar os discursos falsarios e manipuladores sobre Carvalho, que abundan, reitéroo. Son consciente asemade de que outros discursos, feitos desde a militancia no que representou ou representa Carvalho, ás veces achaian de máis o personaxe.

Creo que Carvalho foi unha persoa do seu tempo nun estado como o español tan condicionado historicamente polas construcións dos poderes económico, militar e católico, tamén pola súa dimensión colonizadora. Porque España, e isto está un pouco esquecido, foi un imperio (e quixo seguir séndoo longo tempo, como todos), o cal ten adoito consecuencias. Sinalado o anterior, Carvalho foi un home marcado sobre todo pola experiencia e a misión histórica do Seminario de Estudos Galegos na súa converxencia coa universidade, polo proxecto e programa galeguistas e polas reformas sociais e políticas da Segunda República e as liberdades entón brevemente consolidadas. E, xa *a posteriori*, foi un home marcado moi a fondo —pero moi a fondo— polo fracaso histórico de todo o anterior e pola necesidade de sobrevivir coa máxima dignidade posíbel nun réxime ditatorial que furtou a condición de cidadanía, manipulou o legado do SEG, converteu a universidade pública nun ermo e nunha oficina de coenxías e coutou calquera tentativa de apertura durante moito tempo, durante case todo o tempo da vida adulta de Carvalho e da vida de toda a xente coeva. Isto para alén de fanar a emancipación nacional de Galiza, cando menos nun horizonte federal, e de asasinar, torturar, violar, espoliar e perseguir impunemente ou enviar ao exilio —no noso país xa desde o propio mes de xullo de 1936 e durante decenios— un sector moi amplo da cidadanía galega, non poucos de cuxos integrantes foran compañeiros e amigos de Carvalho.

Os seus valores foron os da maior parte das persoas que integraron movementos como ese galeguismo cultural e político, case sempre —aínda que con excepcións notábeis— en posicións conservadoras ou se callar algo á esquerda, con difícil capacidade de diálogo co

marxismo, por exemplo, e tamén con movementos emancipadores de diverso signo (antiimperialista, anticolonial, antiheteropatriarcal, p.e.), cunha convivencia máis ou menos fluída co tradicionalismo católico e algo menos coas súas xerarquías, cunhas relacións non sempre doadas co republicanismo, o laicismo e o socialismo españois, por completar o mapa. Carvalho, nas súas coordenadas de actuación, non representa exactamente iso que acabo de indicar, malia o cal a súa comprensión do mundo non me parece que se poida asimilar á propia dunha persoa cabalmente progresista, talvez tamén por outro feito importante do seu carácter: ser persoa non dócil, pero si moi disciplinada e metódica, e bastante discreta ademais. Co cal probabelmente en máis dunha ocasión optou polo acatamento de directrices —as de Galaxia, por caso, onde el nunca tivo mando— en detrimento de facer valer unha leal discrepancia. Falo, claro está, de toda a etapa anterior ao distanciamento definitivo causado pola toma de posición a prol do reintegracionismo, que abriu outra dinámica moi distinta e que, en definitiva, conduciu a quen padecera os horrores dos cárceres franquistas e as longas miserias do nacional-catolicismo a outra forma de negación. Aquí iso sábese facer ben.

Moito antes disto, no espazo galeguista e nacionalista de preguerra, non hai dúbida de que se situou no sector máis á esquerda, como axuda a calibrar a súa participación, con pouco máis de 20 anos, na aventura de Esquerda Galeguista a carón de Luís Seoane, que era do seu tempo, e Lois Tobío, algo máis vello. Os seus valores, en todo caso, tampouco creo que fosen exactamente os dunha persoa realmente situada na esquerda social e política, e os seus referentes teóricos no ámbito das ciencias sociais e do pensamento estético e literario tampouco. Si o vexo, con certeza, como un nacionalista coherente e leal ao proxecto soñado cando novo. E iso durante toda a súa vida. Por outra parte, dentro do proxecto que representou o Grupo Galaxia e a dirección de Ramón Piñeiro para sobrevivir á ditadura desde a resiliencia —proxecto cuestionábel e cuestionado malia non sabermos todo o que sería preciso saber—, Carvalho mantivo relacións, non exactamente ortodoxas (para a ortodoxia de Galaxia), cos exiliados e por tanto con certas posicións máis á esquerda, incluídas as próximas ao marxismo ou a certas variantes do que os servizos de intelixencia estadounidenses da época da guerra fría chamarían marxismo cultural (pensem de novo en Luís Seoane). Ignoro por que motivo non cultivou Carvalho outras lecturas, outros paradigmas, outras heurísticas e métodos de análise. Pero, claro, quen fixo aquí naquela altura, desde a filoloxía e os estudos literarios, algo situado á marxe da estilística idealista, do historicismo positivista e en todo caso dun certo estruturalismo, non digamos dunha certa semiótica? Nin sequera os marxistas o fixeron de vez, pode comprobarse. Ou case ningún deles, en todo caso moi pendentes dos socioloxismos deterministas.

Para min, o que en maior medida pexa ideoloxicamente o perfil digamos *socialdemócrata* de Carvalho é, de todos os xeitos, unha comprensión limitadísima e en verdade xa anacrónica en termos puramente históricos das mulleres, non só da relación destas coa outra metade da humanidade, senón sobre todo da súa condición de suxeitos. Haberá quen pense que por formular Carvalho parte desta comprensión —ademais de na súa produción crítica e historiográfico-literaria— en obras ficcionais (poemas, pezas dramáticas, romances...), en realidade iso non representa con seguridade a súa propia posición en termos políticos, ou se se quer, antes, antropolóxicos, culturais ou doutra índole empírica. Aquí non pode demostrarse nada porque non hai espazo abondo —é claro—, pero quen pense así xulgo que erra.

Pensa que esta faceta de Carvalho Calero non foi o suficientemente estudada?

Algo si se fixo, sobre todo por parte de historiadores (véxanse as achegas de Beramendi, p.e.). O problema dos estudos literarios galegos e en xeral da nosa crítica —aínda que isto non é exclusivo noso e se exacerbe en países pequenos— é que a análise aparece a miúdo subordinada a militancias e preconceitos ideolóxicos e doutra índole. Por iso case sempre sabemos cal vai ser a opinión e a forma en que a vai manifestar case calquera das persoas que exercen ese labor. Ademais, é típico tamén o que teño chamado sobrepuxamento da personalidade estudada (*foi o mellor, foi o primeiro que...*). Prima a homenaxe e a celebración hiperbólica das virtudes sobre a análise e a hermenéutica. O paroxismo deste programa alcánzase co Día das Letras: todo o mundo fala da mesma cousa no mesmo instante —dito isto último en sentido algo figurado, claro (ese mes de maio, ese ano...)—, de modo que ninguén pode escoitar as razóns dos demais, case ningún puido ler os resultados das investigacións dos demais mentres fixo a súa propia pescuda simplemente por seren simultáneas. Así..., hai conmemoración festiva, mais non hai análise nin debate. E, por se non abondase co anterior —que agrava o carácter heterónimo e subdesenvolvido da nosa crítica literaria—, case sempre traemos esa personalidade histórica estudada á nosa propia posición: foi nacionalista coma nós, foi progresista coma nós, foi materialista coma nós, foi patriota coma nós, foi reintegrata coma nós, foi feminista coma nós (ala!)... Iso é, moi a miúdo, apropiacionismo e autolexitimación de tomas de posición particulares ou de grupo, mais non é análise cultural crítica e carece do rigor esixíbel.

A normalización dos debates sobre ideoloxía e sobre tomas de posición estéticas e literarias (cousas todas converxentes) pasaría por sacarse da cabeza o dispositivo e operativo Día das Letras (DdL) tal como está a funcionar para pensarmos que cada día e cada ano son propicios para estudar en profundidade os conflitos, as diferenzas ou as paces perpetuas que a cada quen lle pareza oportuno (pero, por favor, sen falarmos todas á vez do mesmo e con case idéntico ton). Tamén para que, acabado *o-ano-de-X* se poida seguir analizando X e a súa produción (agora non se fai: acabado o ano dedicado a X parece que deban pasar como mínimo 20 anos até voltar alguén a estudalo, case de xeito furtivo, porque a xente quedou chea e, supostamente, o tema esgotado, o cal é unha absoluta temeridade en termos científicos). Considero que activarmos algo de razón *pos-día-das-letras* (posDdL) sería espléndido nesta altura, sería estimulante, salutarífico. Hai que abrir outro ciclo con iso. Toca inventar un pouco e deixarse levar algo menos pola corrente DdL, pensada para tempos menos libres por moito que, sen dúbida, o invento de Fernández del Riego e outros camaradas seus aló polos primeiros anos 60 experimentase un *aggiornamento*, talvez inopinado, a partir do ano 2011, o de Lois Pereiro. Pero, se cadra, hai outras formas de promover a cultura galega hoxe. Menos centradas en personalidades concretas, menos circunscritas aos que xa morreron, menos centradas na literatura, menos patriarcais.

VIDA E OBRA

Cal considera que é a contribución de Carvalho máis importante para a literatura galega? Razóns...

A súa *Historia da literatura galega contemporánea (1808-1936)*. É insubstituíbel no tempo histórico en que apareceu, quince anos antes da *Constitución* vixente e dezaioito antes que o *Estatuto*. E en alta medida seguiu a selo despois, tamén por longo tempo. Hoxe mesmo o é. A súa erudición é prodixiosa. Que chegase a escribirse nas condicións nas que se fixo, tamén. O modelo periodolóxico de fondo é potente na sistematización, e perdurou, o mesmo que as propostas críticas elaboradas sobre Rosalía, Pondal, Cabanillas, Otero Pedrayo e outros. Nada do anterior quere dicir que non se deba criticar o Carvalho historiador —p.e., é rechamante, en calquera contexto historiográfico-literario contemporáneo, a forma en que comeza, durante varias páxinas, o capítulo dedicado a Pondal— e que non exista a obriga de seguir escribindo novas historias da literatura. Pensar de novo a historia literaria esixe exercer a crítica sobre os modelos historiográficos anteriores, o cal é sanísimo. Así avanza o coñecemento científico, tamén nas ciencias sociais. Quen teña folgos e posibilidades debería tentalo, e algunhas achegas de mérito hai, claro. Aínda que non estou seguro de que hoxe teñan o sentido que tiveron noutra altura as historias da literatura de autoría única (esta de RCC, contra certas loias e trampulladas que circulan por aí, foino; por moito que algunhas persoas lle facilitasen fotocopias, o axudasen a facer índices ou lle botasen unha man na corrección das probas de imprenta).

Para min, o maior problema desa obra é o débito que manifesta cunha comprensión do labor do historiador literario como unha especie de crítico titánico de toda unha serie produtiva acumulada no tempo, a serie produtiva textual nacional. E ademais como se só houberse textos e autores, ou pouco máis como obxecto de atención historiográfica. E na realidade cultural si que hai moito máis (quen edita, quen vende libros, quen os queima e combate, quen os traduce, quen os premia e canoniza, quen os ensina, quen os critica nas revistas e fai a historia deles...; e non só iso). En RCC está sempre o crítico (moi capaz) sobre o historiador literario (menos experto). Sen crítica non hai historia literaria, con certeza. Porén, a historia literaria demanda un plus, non abonda con ser bo crítico, abofé. Hai que ter unha longa reflexión sobre a historia, sobre a teoría e a filosofía da historia tamén, sobre os inacabábeis debates metodolóxicos do século XX e sobre que é a historia e como pode escribirse. Carvalho fíxoa probabelmente, é perceptíbel na súa introdución á *HLGC* e en varios outros lugares; pero nese libro non se nota tanto como debería notarse lendo o resultado.

Para sermos máis precisos, conviría ver en perspectiva todo o que veño comentando, sen dúbida. Carvalho resolve nas peores condicións como investigador e con toda sorte de carencias materiais, en plena ditadura, unha tarefa que as nacións europeas consolidadas como estados resolveran na segunda metade do século XIX cos operativos metodolóxicos propios daquela altura. O programa fora elaborar unha historia literaria nacional o máis completa e compacta posíbel. Para seren completas, aquelas historiografías —que non se limitaron ao século XIX e seguiron escribíndose posteriormente— aplicaron o positivismo: meter todo o posíbel nesas historias, todos os textos, todos os autores. E para seren compactas aplicaron o nacionalismo: a nación propia —ás veces, só a propia— como algo que vén practicamente da prehistoria e será para sempre, a nación como algo que se afirma contra outras nacións e identidades. Galiza, nación sen estado, non consolidara en tempo aquel logro. Houbera achegas —de Murguía a Fernández del Riego, unhas cantas; tamén desde trincheiras diferentes, de Pardo Bazán a Varela Jácome, outras poucas—, mais a serie historiográfico-literaria en conxunto resultaba parcial e insuficiente en termos de rigor filolóxico e histórico. Así que Carvalho trata de corrixir de vez esa eiva. Fai o que debía levar

feito moito tempo, aínda que el se centrou só na época contemporánea. O importante é entendermos que non era doado facer iso e ao mesmo tempo resolver outra cousa de signo en certa medida contrario: facer o que outras propostas historiográfico-literarias do seu tempo estaban a asumir como tarefa propia. En concreto, unha crítica profunda das vellas achegas de metodoloxía positivista e das concepcións non actualizadas dos esquemas historicistas de fundamento nacionalista (isto, en realidade, case nunca se fixo ben, en ningures; non é tarefa doada). E Carvalho ficou no primeiro: encher o enorme baleiro que había e deixalo resolto para sempre nas condicións que cumprían á nación. Só as nacións consolidadas, só os sistemas literarios fortes, con aparato estatal de base, estaban realmente en condicións de sobardar as enormes limitacións científicas dunha forma de entender a historia literaria que vén do século XIX e que, aínda hoxe, segue na mente da maioría dos especialistas, e sen dúbida tamén do que podería chamarse campo de produción ideolóxica de estados e nacións. E, como consecuencia, na mentalidade do alumnado de ensino secundario e superior. E, en xeral, da xente.

Despois, tamén en relación coa *HLGC*, hai críticas que non se sosteñen porque adulteran a verdade. Unha recente é a debida a Anxo Angueira, quen, sen base sería ningunha, traslada mecanicamente a asunción por Carvalho do ideario lingüístico reintegracionista a un plano cultural e historiográfico-literario que pouco menos que deixa ao autor ferrolán como alguén que ao final da súa vida asinou a palinodia absoluta da *HLGC* e reconverteu o noso Rexurdimento (a Rosalía, por exemplo) en pouco máis que nada. Aí non hai o rigor que Angueira mostra noutras páxinas súas.

Naturalmente, insistirei nisto, Carvalho non é unha excepción no campo que describín hai un momento con certa distancia epistemolóxica. Case ningún historiador literario (aquí ou onde for) fai ben de todo o seu traballo, atrevome a observar; e non son o primeiro que o di, con certeza. Parece que si o fan ben, pero non. E parece que si porque aos historiadores da literatura non se lles pide moito: no básico que nos conten algo sobre a sucesión de obras e autores de xeito ordenado e minimamente explicativo (as xeracións e iso). A historia literaria —como toda produción historiográfica— é algo moi complicado de facer, con funcións e usos moi específicos e delicados, con débitos e dependencias que non sempre se perciben, tamén cunha performatividade política potentísima. Todo iso demanda actualización permanente, esixe cuestionarse moitas cousas, algunhas relativas á complexísima liña que separa compromiso e coñecemento. Á xente isto non lle importa maiormente, seino.

Hai algunha obra deste autor que fose minusvalorizada ou que mereza un maior recoñecemento?

Isto depende moito de quen opine. Sen irmos máis lonxe, Carvalho pensaba que toda a súa obra literaria fora infravalorada por Piñeiro e por Galaxia en xeral. Carvalho pensábase a si propio como escritor, antes que como investigador ou historiador. Ante todo quixo ser poeta e ser recoñecido como tal. Porén, para case todo o mundo é, antes ca iso, un estudoso da literatura e da lingua, un filólogo, se acaso un ensaísta. No meu criterio, en toda a súa produción literaria hai un nivel técnico excelente, unha consciencia absoluta das capacidades retóricas e poéticas da palabra, un coñecemento envexábel dos procedementos da narrativa contemporánea, un dominio notábel do elidido, do non dito, e das dialécticas poéticas entre historia e mito. E moito máis, naturalmente. De par disto, direi que a súa produción non creo

que estea chegando con forza á xente de hoxe, talvez por non sentirse aludida ou interpelada polas preguntas que Carvalho lanza coa súa ficción. Pode que o tempo transcorrido non axudase moito á obra literaria de Carvalho, como tampouco á de Dieste ou á de Amado Carballo, ou mesmo á de Otero Pedrayo noutro plano, por mencionar máis casos (pero si á de Rosalía, ou á de Manuel Antonio, ou á de Blanco Amor...). Direi que o que veño de anotar pasa coa moita outra literatura de indubidábel relevancia, canonizada ou non, galega ou doutra parte. Á literatura non sempre lle presta o paso do tempo. Doutra parte, ás veces hai devalos aos que seguen, pasado o tempo, enchentes inesperadas. Algo así vai acontecer no terreo da crítica, estou seguro, coa poesía escrita pola denominada xeración dos 80.

En calquera caso, supoño que a parte máis descoñecida da produción literaria de RCC é a dramática. Finalmente, creo que no futuro será valorado sobre todo, contra o que el degoxou, pola súa produción crítica, aínda que é posíbel que me equivoque. Querería engadir que a min me preocupa tamén a sobrevaloración de obras e autores, non só o fenómeno inverso.

POSTURA DA RAG A RESPECTO DA FIGURA DE CARVALHO CALERO

Na súa opinión, que factores levaron á RAG a dedicarlle as Letras deste ano a Carvalho? Foi prexudicial a súa opinión sobre a ortografía?

Sobre isto nada sei. Podo facer conxecturas, pero no fondo serían gratuítas e infundadas. Obviamente, houbo resistencia a que isto chegase. Prefiro pensar que por unha especie de prudencia institucional perante o medo a reactivar o reintegracionismo e a súa lexitimidade histórica. Esa *prudencia* fíxose difícil xestionala co paso do tempo, e se callar, superada certa altura, chegou a sentirse desde dentro como desproporcionada, mesmo indecorosa. Quen sabe... Por outra parte, e isto é unha obviedade que case nunca se ten presente, as dinámicas académicas, en contra do que a xente pense, non están rexidas só pola racionalidade e a ecuanimidade. Moito menos pola igualdade de trato ás diversas posicións existentes dentro e fóra do espazo académico, haxa ou non empatía de criterio. A lóxica de intervención das academias está condicionada pola base cooptativa que as sustenta (son os de dentro os que deciden quen se incorpora desde fóra cando unha praza fica vacante), e isto implica que case sempre se valorice o que está próximo ao sistema de valores, ideoloxía, sensibilidade... dos que xa están dentro. Porque iso garante a continuidade do proxecto iniciado. Non é perversidade, é a lóxica do sistema.

Considera que desde a RAG se lle deu un trato vexatorio á figura de Carvalho Calero?

No sentido de tratar de humillalo ou prexudicalo, non o creo. Polo menos nun sentido institucional, non mo parece. Ademais, a Academia é algo máis que os seus membros nun momento dado. Iso non obsta para que me pareza grave o feito coa memoria de alguén como Ricardo Carvalho Calero, que, con todas as críticas das que calquera individuo cun desempeño público pode e debe ser obxecto, ten contributos e méritos incomparablemente máis relevantes que os de case calquera outro académico da RAG en toda a súa historia. Dito isto, permitireime engadir, que a min a política e os protocolos DdL me resultan bastante alleos. Ou iso querería. Porque, a fin de contas, o certo é que non se pode ficar á marxe case nunca (por como funciona isto, xa o comentei antes). E, para proba, este cuestionario.

Dada a inmensa obra de Carvalho Calero e todas as súas contribucións para coa lingua galega, como se pode xustificar que a RAG tardase tanto en lle dedicar as letras?

Modestamente, creo que non se pode xustificar sobre parámetros de estrita racionalidade, xustiza e sentido institucional. Está claro que hai máis parámetros e que foron estes os que condicionaron as cousas longamente. En calquera caso, esa pregunta sería ben dirixila á propia institución e aos equipos que a dirixen e dirixiron desde hai vinte anos.

POSÍBEL ADIAMENTO PARA O 2021 DO DÍA DAS LETRAS DEDICADO A CARVALHO CALERO

Acha que a RAG ten interese en que o ano de Carvalho pase canto antes ou con menor repercusión? Ou acha que a situación actual favorece o desexo da RAG?

Sobre o primeiro, non o creo, francamente. Non descarto que algún membro da Academia o pensase así nalgún momento de fraqueza moral; pero desboto por completo que esa sexa unha posición consolidada na Academia como institución. Sobre o segundo, é obvio que a pandemia está a condicionalo todo. Ora ben, se a pregunta fose outra (como, por exemplo, *pensa que na situación actual, se o DdL 2020 estiver dedicado a Murguía, Piñeiro, Pondal ou Moreno a RAG daría continuidade en 2021 á celebración?*), talvez a miña resposta fose diferente tamén.

Pensa que a RAG pode chegar a recuar e mudar a data, tal e como piden numerosas entidades culturais?

Véxoo difícil. Todo depende da forza e representatividade de quen o reclame e, antes diso, dos efectos próximos da propia pandemia, que serán menos efémeros do que moita xente está a pensar e calcular, e que se cadra borra do mapa hábil tamén outubro e os meses posteriores.

Considera necesario que se estenda o ano Carvalho Calero até o 2021?

Honestamente, non é algo que me preocupe en exceso. En función do que antes comentei supoño que se entenden as razóns do que digo. E non se vexa isto como un comentario frívolo, por favor. Oxalá que se siga estudando Carvalho durante anos e anos, oxalá que se siga agradecendo o seu compromiso e rigor. Dito isto, eu convidaría a todo o mundo a pensar a literatura galega e os estudos literarios galegos con mentalidade posDdL. Na liña descrita en páxinas anteriores: máis análise e menos efemérides. O que é mao para a crítica é pésimo para o sistema.